

Intervención final da CIG-Ensino

Datos previstas de publicación do CXT e da convocatoria de oposicións

Solicitamos información das datas para a resolución provisional e definitiva do CXT, así como a data da Mesa Sectorial na que se vai negociar a convocatoria das oposicións e, polo tanto, coñecer as especialidades que van ser convocadas. É unha falta de respecto absoluta ao persoal opositor e ás organizacións sindicais que non se tivera convocado xa esta Mesa, cando faltan menos de 5 meses para a súa celebración.

Atención á diversidade

Mediante as Instrucións para atención á diversidade do pasado 26 de xuño de 2025 créase unha comisión dun marcado carácter político con tres cargos de libre designación á fronte. Cumpriuse o que xa aventurara a CIG-Ensino arredor da falta de transparencia nas decisións tomadas e na ausencia de control das mesmas, relegando a un papel totalmente secundario a estrutura da orientación educativa, tanto a dos centros educativos como a dos EOE.

Ante esta situación, o sindicato insiste na necesidade de publicar unha listaxe con todas as prazas solicitadas, tanto as que se deron, como as que se prevía autorizar “extraordinariamente” e non se materializaron, como as que se denegaron, ante a falta dunha negociación real que debería darse nas Xuntas de persoal.

Compra de gasóleo por parte dos centros educativos

No ano 2016 desde a CIG-Ensino denunciouse que o sistema de compra do gasóleo para calefacción por lotes arbitrado polo goberno da Xunta de Galiza non traía ningunha novidade positiva, e supuña un sobrecoste aos centros. A maiores, engándense agora os servizos que os centros teñen que pagar como limpeza de depósitos. Solicitamos que a Consellaría revise este sistema de compra.

Eivas no funcionamento da calefacción na EEI Crespo Rivas de Pontevedra

Nesta escolan levan desde o mes de outubro sen calefacción por unhas obras que anunciaron, visitaron e por suposto publicitaron desde a Consellaría de Educación. Son moitas as protestas, escritos, notas de prensa, e chamadas de atención por parte de toda a comunidade educativa. Nese centro non só non se cumpren os mínimos de temperatura exixidos para calquera traballo senón que están escolarizados 200 nenos e nenas recibindo aulas a menos de 14 graos. Diante da inacción da Consellaría a CIG-Ensino presentou hai unhas semanas denuncia a Inspección de Traballo para ver se así se toman as medidas oportunas e non demorar máis o que hai semanas tiña que estar xa listo.

Poñentes da Consellaría en charlas e cursos

Nas xornadas celebradas na EGAP co título ***A identificación de barreiras e a accesibilidade á aprendizaxe*** a Consellaría convidou como ponente para a última charla (Identificando barreiras para a inclusión en contextos de vulnerabilidade socioeducativa e cultural) a unha persoa que ocupou a dirección do CEIP Menéndez Pidal de Sevilla e que foi cesada, segundo se informa en moitos medios de prensa, por comentarios racistas no grupo de whatsapp do centro.

Entendemos que hai que ser moi coidadosos coa elección do persoal poñente nas formacións, así como pedir explicacións cando funcionariado policial emprega publicidade de partidos de ultradereita nunhas charlas educativas, como denunciou a CIG-Ensino, ao amosar un cartaz con contidos racistas e datos falsos indicando que era liberdade de expresión.

Por suposto, na oferta formativa impartida pola Consellaría debería velarse polo uso do noso idioma e non como acontece nalgũa ocasión na que este é totalmente residual.

Protección de datos

Cada vez que desde a CIG-Ensino reclamamos datos para calquera estudo, a administración alude á Lei de Protección de Datos para non facilitalos. Pero esta lei non debe ser de aplicación á Consellaría xa que non ten reparo en chamar ao profesorado aos seus móbiles particulares para solicitarlles a asistencia a actos, moitos deles propagandísticos e incluso partidistas, de cargos da Consellaría, incluído do señor Conselleiro.

Solicitamos que isto non volva ocorrer, así como tamén insistir aos departamentos territoriais que teñan máis coidado co envío de datos de profesorado e alumnado a través de correos electrónicos.

Listas substitucións

Solicitamos xa en diversas ocasións un estudo real das necesidades nas listas de substitucións e que non se funcione a salto de mata ou poñendo parche tras parche, tal e como está facendo a Consellaría.

Anunciamos xa unha situación que se vai dar -como case todos os anos- e que esperamos que a Consellaría teña en conta: na lista de PES de lingua galega hai sobre 80 persoas libres e na de EOI de lingua galega sobre 60. A maioría destas persoas están nas dúas listas, polo que xa agora se pode prever que non vai haber xente suficiente para as probas libres de xuño.

Dúas semanas para coidados

Como xa denunciemos no seu momento, as docentes galegas non vimos este verán ampliado o permiso por nacemento, xa que segue estando nas 22 semanas. Aínda que a Consellaría si se viu beneficiada desta medida aprobada polo goberno central porque no caso das profesoras interinas e substitutas a Seguridade Social pasa a pagar tres semanas máis e deixa polo tanto de facelo a Xunta.

Solicitamos que se amplíe dito permiso, pero especialmente se lle conceda o permiso de dúas semanas por coidado a crianzas que naceron desde agosto de 2024. A Consellaría está a denegalo cando non se gozou, xa que no seu momento as 22 semanas tiñan que ser gozadas obrigatoriamente no primeiro ano da crianza

Plan de Igualdade

En xuño cúmprense dous anos do inicio da negociación do Plan de Igualdade sen que nestes momentos se leve avanzado absolutamente nada en medidas concretas. É indecente que a administración incumpra a normativa deste xeito e tamén a de non contar cun Protocolo de Acoso. Hai recentes sentenzas nas que a xustiza vén de condenar á Consellaría por non dispor desta ferramenta. Queremos que se negocien e aproben á menor brevidade posíbel ambos os dous, dado que serían medidas que realmente contribúan á valorización e á dignificación docente e non a propaganda da “oficina” anunciada por Rueda e que seguramente se nutra de máis persoal asesor e de confianza, como se non fora dabondo o do gabinete do conselleiro e do resto de direccións xerais.

Protocolo emerxencias

O venres pasado e este luns varios centros educativos do país viron suspendida a actividade lectiva como consecuencia das condicións meteorolóxicas adversas.

A CIG-Ensino púxose en contacto coa Consellaría desde o momento en que comezaron a detectarse indicacións contraditorias por parte das inspeccións educativas.

O protocolo vixente é claro ao establecer a obriga de manter abertos os centros cando a suspensión afecta unicamente ao transporte escolar e ás actividades no exterior. Porén, non recolle ningunha indicación específica para os casos nos que tamén se suspende a actividade docente. Non ten ningún sentido obrigar a profesorado a acudir aos centros de traballo cando non hai alumnado, e resulta

aínda máis grave que se dean instrucións contraditorias en función da inspectora ou inspector correspondente. Totalmente inadmisíbel é, ademais, que se chegue a ameazar con sancións ás direccións que, de maneira responsable, decidiron pechar os centros.

Desde a CIG-Ensino temos claro que, cando non hai actividade docente, non se debe someter o profesorado a riscos innecesarios. Máis aínda cando o único traballo que se pode realizar no centro nese contexto pode levarse a cabo igualmente desde o domicilio, xa que non é posible impartir aulas ao alumnado.

Este protocolo debería ser revisado e negociado coas organizacións sindicais porque hai moitas casuísticas que non están reflectidas e debe garantirse a máxima seguridade de toda a comunidade educativa.

Así mesmo, urxe adoptar medidas ante a situación vivida estes días por milleiros de docentes que recibiron no seu teléfono móbil unha alerta vermella recomendando evitar desprazamentos innecesarios, sen que ao mesmo tempo se lles trasladasen indicacións claras sobre a obrigatoriedade ou non de acudir aos seus postos de traballo.

A Directora Xeral di que ten que operar o senso común, e que o protocolo é correcto. Que as direccións podían pechar os centros, que non tiñan que consultar coa inspección.

Convocatoria urxente do Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Outro órgano e outra normativa que a Consellaría deixa totalmente de lado é a que ten que ver coa saúde laboral do seu persoal. A semana pasada a CIG-Ensino remitiu ao

Servizo de Prevención de Riscos Laborais o informe elaborado polo profesorado do CIFP Manuel Antonio con probas gráficas da situación insalubre na que ten que traballar por mor das obras que se están a realizar no centro. A falta de información e transparencia sobre este tema é clamorosa. O persoal docente e non docente pide coñecer o Plan de seguridade das obras e que se faga unha avaliación de riscos para determinar se existen riscos para a saúde por mor das pingueiras, filtracións de axentes tóxicos, mofos e fungos á que está sometida toda a comunidade educativa. Cómpre fixar unha reunión do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, presidido polo subdirector xeral de Centros e Recursos Humanos, que non mantén as xuntanzas ordinarias á que está obrigado pola normativa de prevención e o mesmo cos Comités provinciais.

Este sería un dos temas inmediatos a tratar pero hai moitos outros que lle preocupan ao profesorado e os centros educativos como as **medicións de gas radon**. Queremos coñecer se a Consellería ten realizadas medicións de en todos os centros educativos, ou saber cando menos en cales xa se realizaron. E por suposto coñecer os datos que se sacaron e que medidas se van tomar, xa que hai moita preocupación entre o profesorado dalgún centro no que xa se detectaron altos índices. Hai tamén queixas a respecto de que ante a falta de iniciativa da Consellaría neste tema de especial relevancia moitos centros optaron por encargar estas medicións e sufragalas con cargo aos gastos ordinarios de funcionamento cando non lles tería correspondido.

VESTIMOS DE NEGRO, LEVAMOS MENSAXES
REIVINDICATIVAS, FALAMOS CON FAMILIAS
E ALUMNADO, FACEMOS FOTOS E VÍDEOS
E COMPARTÍMOLOS

MARTES EN LOITA

CONCENTRACIÓN

10 FEBREIRO NO TEU CENTRO

REDUCCIÓN
RATIOS

RECUPERACIÓN
HORARIOS

ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE

DIGNIFICACIÓN
PROFESIONAL

ELIMINACIÓN
BUROCRACIA

#PROFESORADOENLOITA